CONCELLO DE
PONTEVEDRA

513 OA BIS-COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS, INSTALACIÓNS E APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS, PROFESIONAIS OU INDUSTRIAIS.

COMUNICANTE:

NIF/NIE_____Nome e apelidos/razón social_____
Enderezo: rúa, lugar_____ CP_____
Concello _____ Tlf. Móbil _____Tlf./fax _____

REPRESENTANTE (CANDO PROCEDA):

NIF/NIE_____Nome e apelidos/razón social_____
Enderezo: rúa, lugar_____ CP _____
Concello _____ Tlf. Móbil _____Tlf./fax _____

ACTIVIDADE OBXECTO DE COMUNICACIÓN:_____

SUPERFICIE ÚTIL DE EXPOSICIÓN E VENDA AO PÚBLICO_____M². AFORO:_____

DATOS DO LOCAL: rúa, lugar_____

REFERENCIA CATASTRAL: | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

ORZAMENTO DAS OBRAS E/OU INSTALACIÓN/S:_____

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR EN TODOS OS CASOS (salvo identificación exacta doutro expediente no que figure):_____)

☐Fotocopia do NIF/NIE do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante

☐Escritura da sociedade, poder ou documento acreditativo da representación expresa para este acto (se procede)

☐Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

☐Documentación acreditativa da referencia catastral.

☐Documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación, subscrito/a por persoal técnico competente e, no seu caso, co visado colexial correspondente, que xustifique, tanto o cumprimento da normativa sectorial de aplicación vixente, incluíndo o Código Técnico da Edificación, a normativa reguladora da protección contra incendios, o Regulamento electromagnético para baixa tensión, a normativa vixente en materia de protección contra o ruído e a contaminación acústica, a normativa en vigor sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e normativa sanitaria, como que o establecemento cumpre coas determinacións contidas nas Ordenanzas e Regulamentos Municipais e no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

☐Memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar, subscrita por persoal técnico competente, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.

☐Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico, que inclúa, no seu caso, certificado de seguridade e solidez das instalacións subscrito por persoal técnico competente e, de ser preceptivo, o visado colexial correspondente.

☐A autorización ou declaración ambiental que proceda, en caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.

☐As autorizacións, concesións, rexistros e os informes sectoriais que sexan preceptivos para o exercicio da actividade ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento.

☐Documentación xustificativa do cumprimento do art. 5 da Lei 13/2010, do comercio interior de Galicia, cando proceda.

☐Copia de licenzas/comunicacións previas/declaracións responsables anteriores.

☐Documento acreditativo da constitución de fianza, de ser o caso.

☐Nas obras exteriores en fachadas e cubertas, indicar o MEDIO AUXILIAR A EMPREGAR_____

De ser preceptivo proxecto ☐ Proxecto técnico esixible legalmente que describa as instalacións e/ou obras de acondicionamento a executar e xustifique o cumprimento da normativa urbanística e sectorial de aplicación, oficio de dirección das obras e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.

De non ser preceptivo proxecto:

☐Plano de situación e localización do inmoble no que se solicita a obra.

☐ Orzamento debullado ou por partidas das obras que se pretenden executar que deberá ter en conta a ordenanza fiscal en vigor.

☐ Fotografías do estado actual do inmoble, interiores ou exteriores segundo proceda.

☐ Descrición suficiente das características das obras ou instalacións de que se trate: _____

_____

A persoa comunicante **MANIFESTA EXPRESAMENTE E DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- Que é certo canto subscribe e que achega todos os documentos que relaciona.
- Que se compromete a non iniciar as obras/instalacións ata o transcurso de 15 días hábiles seguintes ao da presente comunicación coa documentación completa sen que se reciba notificación por parte desta administración que requira a emenda de deficiencias ou declare a ineficacia da comunicación.
- Que unha vez rematadas as obras/instalacións e antes da posta en funcionamento, presentará comunicación previa para o inicio da actividade á que achegará certificado de remate da obra asinado por técnico competente e, no seu caso, visado colexialmente. O referido certificado acreditará, de ser procedente, que coas instalacións ou obras de acondicionamento executadas non se menoscaba o cumprimento da normativa sectorial de aplicación vixente, o Código Técnico da Edificación, a normativa reguladora da protección contra incendios, o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, a normativa vixente en materia de protección contra o ruído e a contaminación acústica, a normativa en vigor sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, a normativa sanitaria, o cumprimento das determinacións contidas nas ordenanzas e regulamentos municipais e no Planeamento Xeral urbanístico do Concello e, no seu caso, o cumprimento do artigo 5 da Lei 13/2010, do comercio interior de Galicia ou norma que o substitúa.
- Que cumprirá cos requisitos normativamente esixidos e manterá todas as medidas correctoras precisas para o correcto exercicio da actividade durante todo o período de tempo a el inherente e que ao tratarse dunha actividade continuada, se acomodará ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade .
- Que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- Que conta con todos os informes sectoriais preceptivos conxuntamente con todos os que sexan necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración, á comprobación telemática con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas á presente instancia.

Pontevedra, ____de____ de ____

Sinatura:

Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico Churruchaos, 2. Atención ao público: Luns a venres de 9 a 13,30h. Telf. 986 804 327

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os sus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados ós correspondentes ficheiros do Concello de Pontevedra. En calquera momento poderá exercitar os dereiros de acceso, cancelación, rectificación e oposición, comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro Xeral do Concello